



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua: Comunicación escrita e oral en galego

Materia	Lingua: Comunicación escrita e oral en galego			
Código	V01G181V01107			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Profesorado	Fernández Salgado, Xosé Antonio			
Correo-e	xsalgado@uvigo.es			
Web	http://http://fft.uvigo.es/es/docencia/profesorado/xose-antonio-fernandez-salgado/			
Descrición xeral	A materia revisa e reforza os coñecementos de lingua galega que posúe o alumnado, incidindo na aplicación práctica da norma lingüística adaptada á construción de manifestacións discursivas nos diferentes contextos comunicativos, tanto orais coma escritos. Para poder seguir a materia é necesario ter un nivel de lingua galega equivalente a B1/B2.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que o estudantado saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B4	Capacidade de comunicación oral e escrita en inglés e en outras linguas do ámbito europeo.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
B10	Capacidade para desenvolver un proceso de comunicación sólido, responsable e ético.
C1	Capacidade para comunicarse nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C5	Capacidade de adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
C6	Capacidade de construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C12	Habilidade para utilizar de forma competente as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Aquirir os coñecementos teóricos que fundamentan unha adecuada, coherente y correcta expresión oral e escrita en lingua galega.	A2	B1 B4	C1	D2
Analizar e comentar textos orais e escritos en lingua galega.	A2	B1 B7 B10	C5 C6	D1
Coñecer e saber aplicar unha gama diversa de ferramentas e medios dixitais útiles para a aprendizaxe e o ensino da lingua galega.	A5	B9	C12	D3
Conseguir a autonomía necesaria para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos utilizando adecuadamente os recursos, incluídos os informáticos, da lingua galega.		B4 B8	C5 C6 C12	D2

Contidos

Tema	
1. Comunicación oral e comunicación escrita en galego	-Comunicación: verbal e non verbal. Lingua oral e lingua escrita. -A competencia comunicativa (lingüística, discursiva, pragmática, sociolingüística, estratéxica) en galego. -Ferramentas para o estudo e uso do galego: dicionarios, gramáticas, corpus lingüísticos, manuais de aprendizaxe, correctores... e a súa aplicación. -A variedade estandar galega e as outras variedades: dialectais, diastráticas e diafásicas.
2. O estándar oral do galego	-Criterios para unha boa pronuncia do galego: os dicionarios de pronuncia. -Ortoepia do galego: pronuncia de , , , -n>, , ..., realización fónica dos encontros vocálicos e entre consoantes e vogais na cadea falada. -Estándar oral e variación fonética.
3. O estándar escrito do galego	Criterios na elaboración da lingua estándar: as NOMIG. -Usos problemáticos de grafías, acentuación, maiúsculas. Cuestións de ortotipografía. -Estilo e cualidade lingüística: uso de construcións gramaticais e léxico diferenciais do galego.
4. Redacción, construción e exposición de textos en galego	-Elaboración de textos orais e escritos: adecuación, coherencia e cohesión. -A corrección gramatical e léxica do texto en galego: o uso de gramáticas e dicionarios. Aplicación de correctores lingüísticos. -Normas de presentación dos textos académicos. -Exposición oral e lectura de textos académicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	4	6
Lección maxistral	14	16	30
Resolución de problemas	31	34	65
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	20	22
Exame oral	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Terá lugar o primeiro día da clase. Comentarase como será o desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	O profesorado desenvolverá os aspectos teórico-prácticos relacionados cos contidos da materia e explicará as bases teóricas e/ou directrices de traballos e exercicios que deberá desenvolver o alumnado. O alumnado poderá acceder a estas presentacións a través do MOOVI da materia.
Resolución de problemas	O docente colgará no MOOVI da materia actividades en que se formulan problemas e /ou exercicios relacionados con contidos da materia, que complementan as leccións maxistrais. Préstase especial atención á corrección ortográfica, gramatical e léxica dentro da construción de textos de diferente tipo e tanto orais coma escritos. Naqueles casos en que o profesorado entregue previamente exercicios e actividades, é recomendable que o alumnado os traia preparados. O profesorado dará indicacións daquelas actividades que son puntuables para a avaliación continua.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O docente poderá ter titorías individualizadas ou en pequeno grupo cando así o requira o alumnado en canto ás directrices que debe seguir na resolución de actividades ou nos comentarios dos erros cometidos nas prácticas que se manden entregar como parte da avaliación. Tamén resolverá dúbidas sobre o traballo académico obrigatorio de curso así como sobre a exposición oral que haberá que realizar.

Avaliación					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Lección maxistral	Valórase a participación activa na clase por medio de intervencións orais ou entrega de exercicios que se pidan durante a aula así como a asistencia ás clases, sempre que sexa máis dun 80% delas. Non se puntúa neste apartado cando as horas de non asistencia suman máis de 12 horas.	5	A2	B8	C6 D3
Resolución de problemas	Durante o curso, o profesorado especificará que actividades ou traballos son avaliados, así como o seu prazo de entrega. Especificamente, e de xeito obrigatorio, cada alumno/a redactará un "Traballo académico escrito obrigatorio" (2 p.) sobre un tema que se indicará o primeiro día de clase. Igualmente, ó longo do cuadrimestre o alumnado deberá entregar a redacción de tres breves textos de diferente tipo (1 p.).	35	A5	B1 B4 B7 B9	C1 C5 C6 C12 D1 D2
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase un exame escrito na última semana de clase do cuadrimestre sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Existe a posibilidade de realizar un exame parcial previo, liberador de materia, que terá lugar provisoriamente a finais de outubro. Para aprobar a materia é necesario ter máis dun 5 (sobre 10) neste exame. Fará nota media co "Exame de preguntas de desenvolvemento".	25		B1 B7 B9 B10	D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realizarase un exame escrito na última semana de clase do cuadrimestre, que será o mesmo día co "Exame de preguntas obxectivas" no que o alumnado deberá identificar, corrixir e comentar usos e erros lingüísticos en textos escritos e/ou orais. Existe a posibilidade de realización dun exame parcial previo, liberador de materia, que terá lugar provisoriamente a finais de outubro. Para aprobar a materia é necesario ter máis dun 5 (sobre 10) neste exame. Fará nota media co "Exame de preguntas de obxectivas".	25	A5	B1 B7 B8 B10	C1 C5 C6 D1
Exame oral	Realizarase un exame oral consistente nunha exposición oral breve (5 minutos) na última semana do curso sobre un tema que se indicará. Avaliase a soltura de exposición en lingua galega, a corrección gramatical e léxica e especialmente o dominio dos trazos fónicos definidores do galego. O alumnado tamén deberá resolver unha proba oral previamente entregada. Estas probas poderán ser presenciais ou entregadas nun formato dixital de vídeo ou audio. Para aprobar a materia é necesario obter máis dun 5 (sobre 10) en esta parte.	10	A2	B8 B10	C1 C6 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen **dous sistemas** de avaliación da materia:

a) AVALIACIÓN CONTINUA, para o alumnado que asista regularmente ás clases presenciais e realice e entregue as tarefas de avaliación indicadas polo profesor en tempo e forma. A puntuación final obterase da suma das porcentaxes das puntuacións expresadas arriba e deberá superar o 5 (sobre 10). De non superar algunha das actividades que se avalían, o profesorado poderá mandar repetilas. En todo caso, para aprobar a materia na **convocatoria oficial de maio (1ª oportunidade)**, o/a alumno/a deberá ter aprobado (nota de 5 sobre 10) as probas de "Exame de preguntas obxectivas", "Exame de preguntas de desenvolvemento" e de "Exame oral". Tamén deberá ter entregado obrigatoriamente o "Traballo académico escrito obrigatorio".

Na **convocatoria oficial de xuño (2ª oportunidade)**, o/a alumno/a suspenso deberá repetir os "Exames" escritos e/ou orais non superados e, en caso de non o ter feito, entregar o "Traballo académico escrito obrigatorio".

No caso de que o/a alumno/a renuncie á avaliación continua ou incumpra as condicións esixidas pasará a ser avaliado polo sistema b) de "Avaliación única".

b) AVALIACIÓN ÚNICA. O alumnado que non opte polo sistema de "avaliación continua", para superar a materia na **convocatoria de maio** deberá examinarse sobre todos os contidos da materia nun "**Exame final único escrito**" (7.5 p.), que se realizará no día que dispoña o **calendario oficial de exames de maio** da Facultade; ese mesmo día deberá entregar o "Traballo académico escrito obrigatorio" (1.5 p.) e facer a súa "Exposición oral" (1 p.).

No caso de non superar ese exame (menos de 3.5) e/ou non entregar o "Traballo académico escrito obrigatorio" e/ou a "Exposición oral" (menos de 0.5p.), o/a alumno/a deberá volver examinarse por medio doutro exame escrito e/ou entregar o traballo obrigatorio e/ou facer a exposición na **convocatoria de xuño**, na data oficial de exames que dispoña a Facultade. Os/as alumnos/as que opten por este sistema poderán asistir ás aulas e ser atendidos nas titorías cando o solicitaren.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

FERNÁNDEZ SALGADO, B., **Diccionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Galaxia, 2004

FERNÁNDEZ SALGADO, XOSÉ A., **Apuntamentos da materia**, Edición do autor, 2023

GONZÁLEZ REI, B., **Ortografía da lingua galega**, Galinova, 2004

FREIXEIRO MATO, X.R., **Lingua de calidade**, Xerais, 2009

ILG / RAG, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, ILG/RAG, 2003

LÓPEZ VIÑAS, X. / LOURENÇO, C. / MOREDA, M., **Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión**, Baía Edicións, 2010

RODRÍGUEZ RICART, M.C./CASTRO FIGUEIRAS, E.M., **Na Universidade avanza co galego. Guía para mellorar a redacción do TFG e do TFM**, Universidade de Vigo/Xunta de Galicia, 2020

REGUEIRA, XOSÉ L., **Diccionario de pronuncia da lingua galega**, ILG_ <https://ilg.usc.es/pronuncia/>, 2023

Bibliografía Complementaria

CALLÓN, C., **Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez**, Xerais, 2012

DOSIL, Benxamín, **Escrita doada. Consellos para redactar ben**, Xerais, 2015

DOSIL, Benxamín, **Manual de uso da lingua galega**, Xerais, 2021

REGUEIRA, XOSÉ L. (dir), **Os sons da lingua**, Xerais, 1999

Recomendacións

Outros comentarios

- Para poder seguir a materia cómpre ter un coñecemento activo elevado do galego oral e escrito, por lo menos un B1/B2.

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

-Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

-É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións etc.) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización de probas.

-O primeiro día de clase, o profesor proporcionará unha bibliografía máis completa sobre a materia así como os enlaces a dicionarios e outro material en liña.